



COMUNICADO

En Poio, 28 de Maio de 2021

Tras a reunión celebrada onte polo comité organizador comunicamos a cancelación este 2021 do **X Tríatlon Concello de Poio**.

A actual crise económica agravada pola pandemia de covid-19 conleva priorizar os diferentes eventos nesta tempada.2021. A organización desta proba ten que priorizar e reaxustar o noso calendario de eventos en abse as directrices institucionais que se adaptan a situación provocada pola pandemia. Apostando polo DEPORTE e priorizando eventos que teñan un forte impulso para o Concello, traballamos nesta línea e por iso priorizamos este ano por reaxustar as diferentes probas en colaboración co Concello, celebramos como sabedes o Duatlón no mes de abril e no vindeiro mes de agosto acolleremos ilusionados o campeonato galego de acuatlón.

Cremos cegamente neste proxecto que ten unha traxectoria inmaculada nas nove edicións celebradas ata a data e na que nos auto inculcamos un nivel de esixencia acorde só ao nivel dos nosos fieis deportistas que ano tras ano participan nela, agardando recuperar a edición o vindeiro ano cando a pandemia permita recuperar unha normalidade nas probas.

Grazas a todas as entidades e, en especial, a todos os patrocinadores, colaboradores e voluntarios que confiaron neste proxecto desde o primeiro momento xa estamos pensando no 2022.

Isto fainos ser máis perseverantes para seguir axuntando forzas para que na próxima tempada podamos volver gozar da festa do tríatlon en Poio.

Carlos L. Sánchez Lareo
Presidente Club Triatlón Poio